










Reclamante: 







Expediente. Nº RSCTG 042/2018

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  en nome da Asociación , Dna. , en nome da Asociación  e Dna.  en nome da Asociación , mediante escrito do 28 de marzo de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D.  en nome da Asociación , Dna. , en nome da Asociación  e Dna.  en nome da Asociación  presentaron, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 28 de marzo de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo, unha solicitude de acceso á información presentada na Deputación Provincial da Coruña na que solicitaba información sobre o contido do convenio de colaboración entre a Deputación de A Coruña e o Concello de Cabana de

Bergantiños en relación ó xestión do Dolmen de Dombate e o Centro Arqueolóxico relativos ao ano 2017 e o vindeiro 2018, acceso aos programas de actividades xa realizados e previstos para o vindeiro ano 2018, acceso aos xustificantes de gasto dos 60.000 € co que a Deputación Provincial da Coruña vén a financiar a xestión do Centro arqueolóxico do Dolmen durante os últimos anos, acceso a relación de subvencións, axudas e convenios asinados entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Eduardo Pondal de O Couto (Ponteceso), acceso aos expedientes de gastos, xustificacións, programas de actividades e obxectivos, en relación coas subvencións percibidas pola fundación (20.000 € e 25.000 € en 2017 e 67.000 € en 2016), acceso aos acordos ou autorizacións que permitirían a cesións de inmobles do ente provincial á Fundación Eduardo Pondal e as condicións nas que as mesmas se producen, e gastos en publicidade xustificados pola fundación ante o ente provincial e dos que puidera resultar beneficiaria La Voz de Galicia.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Deputación Provincial da Coruña que tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Oficina Comarcal de Lalín o 19 de decembro de 2017.

Segundo. Con data 13 de abril de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polas asociacións reclamantes á Deputación Provincial da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de abril de 2018. Con data do 4 de abril ten entrada o informe da Deputación Provincial da Coruña sobre a solicitude, acompañado de copia de escrito de remisión de documentación á Asociación [REDACTED] que ten rexistro de saída do 3 de maio de 2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública,

poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos dealzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

En contestación á petición de informe e expediente sobre a reclamación presentada polas asociacións reclamantes, a Deputación Provincial da Coruña remite informe no que manifesta que no referente á xestión da atención de visitantes no Dolmen de Dombate e á Fundación Pondal solicitouse informe ao Concello de Cabana de Bergantiños, dado que a data da solicitude de información, o referido Concello non remitira a documentación xustificativa dos gastos para levar a cabo os pagos correspondentes ao exercicio de 2017.

Informa así mesmo que solicitou informe ao Servizo de Arquitectura e Mantemento, e ao Servizo de Cultura, Deportes e Acción social e que o convenio para a atención de visitantes do Dolmen de Dombate correspondente ao 2018, asinouse o día 2 de maio de 2018.

En relación á Fundación Eduardo Pondal, remitiuse a Resolución de Presidencia pola que se aproba a celebración do Festival V de Valarés 2017, na praia de Balarés, onde se indican os termos da autorización da celebración.

A Deputación Provincial da Coruña comunica que con data do 3 de maio remitiuse toda á información solicitada ás asociacións e remite copia do oficio de remisión á Asociación [REDACTED] coa referida data de saída.

De acordo co anterior, considérase que a Deputación Provincial da Coruña, de acordo co informe enviado, cumpriu coa súa obriga de remitir a documentación solicitada polas asociacións, aínda que fora do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, se ben xustifica no referido informe os motivos polos que se produciu o retraso na súa remisión, polo que cumprida a obriga, aínda que fora de prazo, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en nome da Asociación [REDACTED], Dna. [REDACTED], en nome da Asociación [REDACTED] e Dna. [REDACTED] en nome da Asociación [REDACTED].

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga